

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de lingua galega e literatura nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha vila de interior (Carral), a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña tres, é dicir, ten 24 unidades, sendo 6 delas de educación infantil e 18 unidades de educación primaria.

O alumnado (52 nenos/as) para o cal se elaborou dita programación atópase no segundo curso da etapa, polo que conta con sete anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado pode atoparse alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuizos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos contando a nosa historia.	-Expresión oral: conversas respetando a quenda de palabra, expresar opinións, é dicir , construcións de pequenos textos orais con orden e sentido. Comezando por presentacións, gustos, aficións... -Comprensión lectora: comprensión de diferentes textos como contos, entrevistas, descripcións de lugares, textos explicativos... -Vocabulario: o verán, a alimentación, a localidade, Samaín, Magosto e o Nadal. -Lectoescritura: consolidación da lectoescritura centrándose na separación correcta das palabras nas oracións. -Gramática: o abecedario, uso da maiúscula, letra-sílaba-palabra, sinónimos e antónimos, o nome (tipos, xénero e número), as palabras con -c,-qu e-z con -g e -gu, diminutivos e aumentativos, interrogación e exclamación. -Literatura: os contos, as receitas, adiviñas, refráns, cancións, noticias...	30	48	X		
2	Seguimos o fío das nosas historias.	-Expresión oral: continuamos traballando o discurso máis fluído e axeitado, sempre respetando a quenda de palabra. -Comprensión lectora: comprensión de diferentes textos como contos, entrevistas, descripcións de animais e paisaxes, enquisas, textos instructivos... -Vocabulario: o Día da Paz, o Entroido. Día de Rosalía, o camiño de Santiago. -Lectoescritura: consolidación da lectoescritura afianzando as regras ortográficas da unidade anterior e realizando oracións con sentido e separando ben as palabras.	30	46		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Seguimos o fío das nosas historias.	-Gramática: as onomatopeas, o adxectivo e a comparación, palabras con sílabas trabadas, palabras compostas e derivadas, o artigo, o demostrativo, o posesivo, os pronomes, as familias de palabras, e regras ortográficas (mp-mb) -Literatura: escenas teatrais, poemas, contos, comic...	30	46		X	
3	Chegamos ao final dunha etapa das nosas historias.	-Exposición oral: continuamos traballando o discurso cada vez máis fluído e axeitado a súa idade, utilizando conectores, un ton de voz correcto e interactuando cos demais, sempre respetando a quenda de palabra. -Comprensión lectora: comprensión de diferentes textos como contos, diálogos, lendas -Vocabulario: Día do Libro, arquitectura típica galega, Día das Letras galegas, a noite de San Xoan. -Lectoescritura: consolidación da lectoescritura afianzando as regras ortográficas das unidades anterior e realizando pequenos textos. -Gramática: o campo semántico, regras ortográficas, o verbo, palabras polisémicas, uso da coma, o punto e como e o guión, as oracións (suxeito e predicado), frases feitas e tipos de oracións. -Literatura: biografías, as cartas, lendas, o teatro	40	46			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos contando a nosa historia.	48

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Comprende textos escritos coa axuda do título, ilustracións e palabras clave.	PE	40
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Produce, con axuda, oracións escritas atendendo ás normas ortográficas dadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	60
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Recoñece, con axuda, algúns prexuízos lingüísticos e culturais relacionados co galego/castelán.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Iniciase na comprensión do sentido dos textos orais.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica, en grupo, usos lingüísticos discriminatorios na comunicación tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Comparte os resultados dunha investigación grupal sinxela.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Iniciase no uso da biblioteca, de xeito guiado, de aula e de centro.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Desfruta escoitando textos de diferentes autores e autora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: comprensión oral
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Consolidación da lectoescritura de oracións.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Mellora da expresión escrita usando as regras ortográficas dadas nesta UD.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.

Contidos
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).

UD	Título da UD	Duración
2	Seguimos o fío das nosas historias.	46

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Consolida, de xeito paulatino e con axuda, a lectoescritura de textos sinxelos.	PE	40
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Produce, con axuda, textos escritos sinxelos atendendo ás normas ortográficas dadas.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a partir da observación da contorna.	TI	60
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Comeza a identificar o contido de textos orais.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le , de maneira silenciosa e en voz alta, textos sinxelos identificando, con axuda, a información relevante.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe non sexista.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica, en grupo, usos lingüísticos discriminatorios na comunicación tendo en conta unha perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza información de distintas fontes.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información .		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colabora nos acompañamentos lectores do Centro.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte a súa experiencia nos acompañamentos lectores.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Respeita as normas da biblioteca de aula.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecendoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intepreta adiviñas e pequenos refráns traballados na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Iniciase no coñecemento do funcionamento da lingua galega relacionando o significado dunhas palabras con outras.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral

Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Consolidación da lectoescritura de textos sinxelos.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Mellora da expresión escrita usando as regras ortográficas dadas nesta UD.
- Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos

- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuados aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	Chegamos ao final dunha etapa das nosas historias.	46

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Comprende textos escritos coa axuda do título, ilustracións e palabras clave.	PE	60
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprende o sentido global de diferentes tipos de textos adaptados á súa idade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Produce, con axuda, textos escritos atendendo ás normas ortográficas dadas.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce en galego, con axuda, textos escritos en distintos soportes iniciándose no uso de estratexias como a planificación, redacción e revisión dos seus escritos.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Recoñece a diversidade lingüística na contorna escolar, familiar e social.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce, con axuda, textos orais sinxelos.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce de xeito coherente, textos orais sinxelos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.	TI	40
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura de textos infantís para favorecer unha comunicación máis eficaz.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Iniciase no autoconhecimento dos seus gustos lectores.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le de maneira progresivamente autónoma diferentes tipos de textos da literatura galega.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos.	Reproduce, de xeito oral e con axuda, textos literarios sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos propios con axuda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos. - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Consolidación de lectoescritura cumprindo as normas ortográficas dadas de textos sinxelos. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Mellora da expresión escrita usando as regras ortográficas dadas nesta UD. - Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións

Contidos

- cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de actividades que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo.

- Deste xeito, ao longo de todas as unidades aproveitaremos que este ano académico o PDI do noso centro ("Tod@s temos unha historia que contar") .

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este curso o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas. Seguiremos o libro de texto de lingua galega, así como o cuadernillo de lectura complementario.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, que favoreza a participación de todo o alumnado.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de actividades e tarefas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS

RECURSOS ESPACIAIS

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial. Entre os materiais pódense destacar: libro de lingua galega, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, poleas, balanzas, maquetas, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores.

RECURSOS DIXITAIS: enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, fichas interactivas para actividades de repaso, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes do curso anterior en canto o desenvolvemento de cada alumno.

- Recollerase información nas entrevistas coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como: barullo de ideas.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario, lectura e comprensión lectora e a escritura e gramática.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias e serán comentados na reunión da avaliación inicial co resto do equipo docente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	40	40	60	48
Táboa de indicadores	60	60	40	52

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, esquemas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no

caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación farase unha media aritmética das puntuacións obtidas en cada unha das unidades.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.4

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Para superar a área e chegar ao 5 (suficiente) será necesario conseguir un 50%, polo meons, entre todos os criterios, sendo o 100% a nota máxima. En cada criterio de avaliación, para conseguir un 50% será necesario acadar o nivel mínimo explicitado no punto 3.3.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Faranse actividades orais e de reforzo co obxectivo de alcanzar os mínimos esixibles.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo. Centrarémonos en que adquiriran un pequeno hábito de traballo e de estudo fomentando a súa autonomía e responsabilidade.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ruta de sendeirismo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes , a educación para a paz.	X	X	X
ET.3 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X
ET.4 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas.	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual) e a emocional.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participará en actividades que fomenten a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: saída a unha biblioteca municipal da Coruña.	Para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís e o pracer pola lectura.	X		
2º trimestre: visita ao Planetario, A Coruña.	Para coñecer os museos da nosa contorna máis próxima.		X	
3º trimestre: ruta de sendeirismo pola contorna.	Para promover os hábitos de vida saudable.			X

Observacións:

Participaremos tamén en todas aquelas actividades organizadas dende os diferentes equipos: Biblioteca, EDLG, Convivencia, Medio Ambiente e Actividades extraescolares para levar a cabo as conmemoracións seleccionadas para este curso. Tamén participaremos en actividades/obradoiros que poidan xurdir ao longo do presente curso escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Clima de traballo na aula
Regulación da práctica docente: grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS unha vez ao trimestre. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados